MÚSICA DE AUTORA / MÚSICAS DO MUNDO

# A BANDA DA LOBA

## BAILANDO AS RÚAS

A BANDA DA LOBA

Integrada por cinco mulleres que decidiron unir as súas traxectorias individuais para dar voz a este novo proxecto, destaca a creación dun repertorio propio baseado tanto en letras da súa autoría como en musicalizacións de poetas célebres ou outros textos tomados dos poemarios de escritoras contemporáneas como Rosalía Fernández Rial ou Celia Parra. Todo isto, baixo un estilo ecléctico e heteroxéneo que bebe do rock, do pop, do folk... e fai do seu repertorio un fantástico caleidoscopio musical.
Neste momento están a presentar o seu primeiro traballo discográfico, **"Bailando as rúas"**, por toda Galicia, no que contaron coa produción musical de **Adrián Saavedra** e as colaboracións de **Guadi Galego** e **Tanxugueiras**.

Muiñeiras nos montes.
Maneos nos muíños.
Música con M de muller.
Para poboar
os camiños das cidades,
as avenidas das aldeas,
as encrucilladas nas que se agocha Pepa a Loba.
Bailemos as rúas!

WWW.ABANDADALOBA.GAL
INFO@ABANDADALOBA.GAL





De esquerda a dereita:
**Andrea Porto** (guitarra e baixo), **Inés Mirás** (guitarra e teclado), **Marcela Porto** (batería e percusións), **Estela Rodríguez** (violín) e **Xiana Lastra** (voz)

Podes ver o noso primeiro **videoclip**, "Bailando as rúas", dirixido polo cineasta **Alfonso Zarauza**, na **canle de youtube de Seispés.**

Seispés
producións creativas

CONTRATACIÓN: INFO@SEISPES.COM / WWW.SEISPES.COM